CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/9
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, mércores 15 de outubro de 2025 -

No día da data, ás 09:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YÉSICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DE SELECCIÓN DE ARQUITECTOS/AS E ARQUITECTOS/AS TÉCNICOS/AS INTERINOS/AS PARA

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NA PROVINCIA DA CORUÑA

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier castro Tourís: *"Buenos días a todos. Lamento persoalmente o cambio de data do primeiro intento de convocatoria a este definitivo. O Pleno é un pleno extraordinario cun único punto da orde do dia."*

1. CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DE SELECCIÓN DE ARQUITECTOS/AS E ARQUITECTOS/AS TÉCNICOS/AS INTERINOS/AS PARA CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NA PROVINCIA DA CORUÑA

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2025/A006/000010
ASUNTO: CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DE SELECCIÓN DE ARQUITECTOS/AS E ARQUITECTÓS/AS TÉCNICOS/AS INTERINOS/AS PARA CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NA PROVINCIA DA CORUÑA
TRÁMITE: PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 6/10/2025 e Rex. de Entrada núm. 202590000000678 a Deputación Provincial da Coruña remite circular relativa ao Convenio interadministrativo de cooperación tipo entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de menos e 20.000 habitantes co obxecto de habilitar a posibilidade de encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación.

Así mesmo remiten o acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial na sesión realizada o 3/10/2025 polo que se aproba o convenio tipo para a encomenda da xestión de selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña, achegando o modelo de convenio.

Logo de ver o Borrador do CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DODRO E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DE SELECCIÓN DE ARQUITECTOS/AS E ARQUITECTÓS/AS TÉCNICOS/AS INTERINOS/AS PARA CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Logo de ver o citado modelo de convenio e emitido informe de secretaría-intervención que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía, e considerando que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Polo anterior, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta, dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar o modelo de Convenio de cooperación entre o Concello de Dodro e a Deputación da Coruña para a encomenda de xestión de selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña, encomendando ao organismo provincial a realización das actuacións procedentes para a consecución do obxectivo. O modelo de convenio achégase como Anexo I.

Segundo.- Solicitar á Deputación da Coruña, ao abeiro do Regulamento provincial de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios así como do presente convenio, a designación de persoal técnico conforme á listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña.

Terceiro.- Aceptar as obrigas que para este concello se recollen no modelo de Convenio de cooperación entre o Concello de Dodro e a Deputación da Coruña para a encomenda de xestión de selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ..... CO OBXECTO DE HABILITAR A POSIBILIDADE DE ENCOMENDAR A XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DO SEU PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A A ESTA DEPUTACIÓN.

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso (ou deputado/a en quen delegue), identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, e asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez (ou quen legalmente lle substitúa), quen se identifica igualmente electronicamente mediante o correspondente certificado de firma electrónica, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

E, doutra parte, o Concello de ....., con NIF ....., representado polo seu Alcalde/sa Don/ Dona ....., ou concelleiro/a en quen delegue, cargo que segue desempeñando na actualidade, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica e facultado para a subscrición do presente convenio segundo se desprende do acordo adoptado e certificado pola secretaria do mesmo de data .....

Mediante a sinatura do presente documento, Don/Dona..... declara expresamente que o acordo relacionado no parágrafo anterior e as facultades que do mesmo se derivan non foron suspendidas, limitadas nin revogadas.

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto

MANIFESTAN

1.- Que de conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

2.- Que, por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.

3.- Que tanto a Deputación da Coruña, como o Concello de ..... consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, e que a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.

4.- Que esta encomenda da xestión da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día .....

5.- Que a aceptación desta encomenda da xestión foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial o día .....

6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de ....., as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.

CLÁUSULAS

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de ..... ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación Provincial.

Segunda.- Compromisos

Para estes efectos, a Deputación, a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese a poñer ao dispor do Concello a lista de agarda elaborada por este Servizo a partir do correspondente proceso de selección.

Pola súa banda, o Concello comprométese a que o posto ofertado sexa a xornada completa ou cando menos de tres (3) días á semana, agás que mediante acordo de dous concellos limítrofes ou dentro da mesma comarca garantan conxuntamente a cobertura da xornada completa. Ademais, para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal desta listaxe, a duración estimada da baixa será de cando menos un (1) mes. O Concello asumirá como persoal propio á persoa resultante da listaxe elaborada por esta Deputación por orde de prelación.

A sinatura deste convenio non impedirá que o Concello, se o estimase conveniente, poida desenvolver en calquera momento os seus propios procesos selectivos.

Terceira.- Procedemento

O procedemento de solicitude de asistencia en materia de selección de persoal técnico propio para o Concello será o seguinte:

1. Presentación da solicitude, asinada pola persoa titular da Alcaldía, mediante o procedemento de SUBTEL no modelo que se xunta como Anexo I: procedemento de SUBTEL [0089] Asistencia Técnica a Municipios - (SATM-AD) Solicitudes de asistencia xeral (documental).

Coa solicitude achegarase un escrito asinado pola persoa titular da Secretaría especificando as características do posto e a duración mínima da vinculación, sen prexuízo de calquera outra información complementaria que se considere conveniente.

2. Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios iniciará o proceso de chamamentos consonte o Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 30 de xullo de 2020 ou o que en cada momento o substitúa) coas particularidades que aquí se contemplan.

3. As persoas candidatas disporán de dous (2) días hábiles para aceptar ou

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

renunciar. Unha vez aceptado o posto pola persoa integrante da listaxe, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios comunicará tal circunstancia ao Concello no prazo de dous (2) días hábiles.

4. No prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a aceptación, o Concello deberá proceder ao nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada, que tomará posesión ante o Concello o día seguinte.

5. O Concello deberá comunicar ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios a toma de posesión, a duración do contrato e calquera alteración do seu estado, incluída a finalización.
6. Durante a vixencia da lista manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:

- a aparición dunha vacante sen reserva de praza considerarase unha mellora de emprego e suporá o ofrecemento desta vacante por orde de prelación na lista e por unha soa vez por candidato. Só se poderá optar a esta mellora cando se teñan máis de seis (6) meses de antigüidade no posto desempeñado nese momento.
- as persoas que ocupen postos que non acaden a xornada completa poderán renunciar ao nomeamento transcorridos os seis meses de traballo efectivo, sen seren penalizadas.

Cuarta.- Vixencia do presente convenio.

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade da resolución.

Quinta. Natureza e Xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto nos artigos 47 e 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; na disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normas de dereito administrativo que lles resulten aplicables. O Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación será de aplicación en todo o que complemente e non contradiga as cláusulas deste convenio.

A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do mesmo corresponderá á Xurisdición Contencioso-Administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa orde xurisdicional.

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE....

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: .....

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é un procedemento que iniciou a Diputación fai tempo e como a nós coincideunos, a verdade que bastante ben, coa aprobación da RPT y ca existencia dunha praza a cubrir de arquitecto municipal. A Diputación elaborou estas listas e bueno, nós queriamos asinar este convenio coa Diputación para poder chamar a arquitectos desta lista. Esto é basicamente un resumen. O texto téndelo ou téñeno, os concelleiros todos, na convocatoria da sesión e nada, penso que voulle dar un turno a cada portavoz pero bueno me parece que é de bastante utilidade e de aí a urxencia tamén. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ola, bo día. Bueno, aproveitar esta oportunidade que nos brinda a Diputación e máis que nada, logo de ter aprobada a RPT neste concello e a ver si podemos contar cos servicios dun arquitecto, nada más."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz da agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bos días a todos. Bueno, si mal non entendemos, a proposta consiste en axudar a formar un tribunal de selección. Imos ver, nin sequera sufragar a praza, nin aportar recursos para sufragar esa plaza.*

Os concellos rurais, na súa maior parte, están perdendo poboación e agora resulta que o problema que teñen, o problema que temos é que non somos capaces de formar un tribunal de selección para unha plaza de arquitecto. Ese é o problema, que non somos capaces de formar un tribunal de selección. Ben, un arquitecto a tempo completo e para que? Para informar que obras? Para informar cantas obras? Porque, a ninguén se lle escapa, podemos ver as obras que se están facendo neste consello nos últimos anos que requiran de informe arquitecto que sean clasificadas bueno, como se dicía antes de obras maiores,

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pois cada vez son menos. Pero o máis importante, con que imos a pagar o coste da praza de arquitecto? Que entre salario e seguridad social, pois estará, seguramente por riba dos 60.000 euros ó ano.

Esta iniciativa non ven a resolver ningún dos problemas dos concellos de menos de 20.000 habitantes, absolutamente todo o contrario. Se non que crea un problema para o que ninguén, aínda ten unha solución. Aquí en Dodro, dispoñemos polo visto, de dúas persoas e inda así, non somos capaces, mellor dito, o goberno non é capaz de dar solución aos problemas dos veciños de Dodro. Cada día, podemos escoitar, as queixas dos veciños que veñen aquí, a este concello, a resolver un problema e a contestación que teñen é: "Vai a baixo que che de un papel" e cando chega a baixo: "Dille ó de arriba que non é así". Sube e baixa, temos aos veciños de ascensores, con dous técnicos. Este, como xa decimos, esta proposta non ven a resolver ningún dos problemas dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Este non é o problema, o tribunal de selección para unha plaza de arquitecto, non é o problema dos concellos de menos de 20.000 habitantes."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular de Dodro, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós pensamos que o lóxico sería que a selección de personal a fixera o concello, porque así poderiamos encontrar un perfil máis axeitado e que se axuste máis as necesidades que ten o Concello. Nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz da agrupación Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bos días a todos. Bueno, polo que vimos, a lista esta de contratación, son oito arquitectos os que están na lista. Bueno, parece ser que podemos coller, temos preferencia na escolla. Pero temos algunhas dudas neste tema. Podemos, por exemplo coller un arquitecto desa lista, por exemplo o primeiro que quede na lista e imaxinamos que empece a traballar aquí e que como pasou varias veces que aos dous meses, por exemplo que renuncie a plaza ou que queira marchar. Entonces, o máis lóxico sería volver á lista, pero na lista, seguramente oito arquitectos para toda a provincia da Coruña, xa estaría todo collido. Entonces, nós pensamos que o que hai que facer é, ou pregámoslle ao Goberno que cumpra o aprobado no último pleno e que siga co proceso de contratación de un arquitecto funcionario para o Concello. Vemos que está ben, pero pode ser unha solución moi temporal e rogámoslle ao Goberno que siga co proceso de contratación dun arquitecto funcionario do Concello de Dodro, como se acordou no último pleno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si,*

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

bos días a todas as persoas. Imos ver, necesitamos desde logo, todo o mundo está de acordo que necesitamos a praza de de arquitectura. Nós, desde o BNG, levámolo reclamando desde o ano 2018. Xa na primeira RPT do Partido Popular, non se tivo e agora que temos unha RPT aprobada, pois temos a oportunidade que nos brinda esta iniciativa da Diputación para levar a diante, xustamente nin máis nin menos, aquelo que nos demandábamos e que a xente necesita. Agora ben, nós tamén lle pedimos, encarecidamente ó Goberno, ou rogámoslle, non sei de que maneira dicirlle que tense que poñer xa as pilas para empezar a contratar, a elaborar xa o que é unha persoa dedicada ao urbanismo aquí en Dodro. Ten que empezar xa, a desenvolver as bases para un concurso oposición, porque está na relación de postos de traballo, está aprobado e desde logo, é a mellor seguridade. Parece que con esto, o que nos pode pasar é que esteamos a enredar, de que este convenio vaia adiante, pero que ao mellor que por calquera razón, a persoa ou as persoas seleccionadas que veñan para aquí que poidan incluso renunciar. Polo tanto, non estando en contra de esta iniciativa que nos brinda a Diputación, si insistimos e rogámoslle ao Goberno que ten que empezar xa, a dispoñer das bases para termos unha persoa definitiva aquí en Dodro e non depender da Diputación."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un segundo turno ao portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno, para responderlle o voceiro de XD que as obras son as que son, xa sabemos que usted sabe máis que os técnicos da Diputación, ca o personal da Diputación. Usted, en eso é superior. E logo, o tema das queixas que lle van dar a usted, eu creo que eso ocorría cando vostede presidía este Concello. Pouco máis que decir. Gustaríanos que todo eso....á voceira do PP que a selección fora polo Concello, pero as bases do que pon no convenio é o que pon na Diputación e loxicamente, a contratación dun arquitecto é importante para este Concello. E teremos que comenzar por algo, dígollo ao voceiro de UVD. E ao voceiro do BNG dígolle que é un primeiro paso para ser definitivamente que unha persona pase a ser funcionario do Concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Moitas gracias, pero eu quería facer unha última apreciación que sería a seguintes.*

Acúsanos, un dos voceiros aquí sentados, de que non somos capaces de formar un tribunal de selección para a plaza de arquitecto municipal. Evidentemente, somos capaces porque vostede, na súa época de alcalde, deixou aquí contratados varios técnicos, funcionarios e laborales fixos, para que agora formen parte do tribunal de selección de un novo arquitecto. Vostede é un exemplo para todos nós, de como se deben facer as cousas. Esto hai que poñelo entre comiñas que se supón que ten ironía. Porque vostede é o menos indicado para falar de este asunto.

Segundo, tamén fala vostede de onde se van sacar o cartos. Xa llo digo eu, do que vostede cobraba cando era alcalde e que agora non se cobra polos políticos

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que estamos no equipo de goberno. Afortunadamente, se presentaron aquí uns orzamentos que foron aprobados dunha maneira un pouco extraña, pero foron aprobados por este concello que inclúen, a dotación presupuestaria para ter un arquitecto neste Concello. Vale, por favor, léase a proposta e veña aquí informado e veña a falar, sabendo do que fala e non sendo un hipócrita e faltando á verdade.

Segundo, dice que... bueno esto era o dos 60.000 euros. Segundo, que tiñamos dous técnicos. Non, non temos dous técnicos. Temos un técnico a tempo parcial e outro, técnico a tempo parcial. Precisamente para solucionar que hai dous técnicos, se fai este convenio.

Terceiro, reconozo que evidentemente, todos queremos que sexa un técnico municipal de aquí, do concello e un técnico funcionario do Concello. Todos, o que pasa é que, como vostedes se acordarán, no acordo de aprobación de orzamentos e de RPT, a RPT entraba en vigor o día 1 de outubro, o día 1 de outubro, foi hai 15 días. A día 15, estamos traendo aquí unha proposta, en 15 días, unha proposta para ter un arquitecto de xeito inmediato. Parece que non somos, tampouco, tan malos xestores. Tamén se di, se len vostedes o convenio, di que, tanto o punto 3, manifestan que tanto a Diputación da Coruña como o Concello, de puntos suspensivos, neste caso Dodro, consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de personal técnico temporalmente vacantes; que quere decir, que está temporalmente vacante e esta é a maneira máis rápida de ter aquí un técnico; temporalmente vacantes, é unha necesidade básica de todos os concellos, os de menos de 20.000 e os de máis de 20.000, señor Alfonsín. Polo tanto, a formación dunha lista provincial, parece ser útil para estes efectos. Nós consideramos que é utilísima. Que é a forma máis rápida.

Segundo, di que pode vir un técnico interino desta lista, o señor Vicente, e que pode marchar. Evidentemente, podemos sacar unha plaza de funcionario e pódenos marchar aos 15 días, coller unha excedencia e marchar. Pasa máis veces, das que vostede pensa. Nada garantiza que vamos a ter aquí un traballador, at eternan, nin un técnico y que acertemos na sua selección. Precisamente esto é, parece unha das formas máis sinxelas, máis rápidas y máis efectivas de ter un técnico para poder arrancar, incluso á petición de outra xente para formar un tribunal para unha selección definitiva dun técnico municipal. Ter un técnico do Concello, funcionario interino, xa formaría parte desde tribunal.

Eu quero recordar que do día 1 ao día 15, temos unha solución. É un convenio coa Diputación. Aforra recursos, aforra tempo... Hombre! Eu, desde o meu punto de vista, recoñecendo que todos querríamos, un funcionario noso propio, en propiedade e que fose bo, áxil e que fose, non sei, un auténtico funcionario modelo... Verémolo no seu momento.

En todo caso, ao menos parece, que si a Diputación da Coruña elabora unha lista e nós, á altura na que estamos somos capaces de que, un dos oito técnicos veña, cas ofertas que facemos desde o concello de Dodro, xa sería un éxito. Dito todo esto, me parece que está bastante claro, incluso si queren vostedes unha

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

segunda ronda, dada a importancia do tema, unha segunda ronda para algún tipo de aclaración, eu estou disposto a que vostedes teñan unha segunda ronda. Algún portavoz quere unha segunda?"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non. Que se comprometa aquí a que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E que..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Que o proceso de selección e de funcionario..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É que non fai falta comprometerse. Xa estamos comprometidos, xa está a lei. Comprometémonos home, si. Si que nos comprometemos que xa estamos comprometidos antes. É que xa estamos comprometidos antes. Este é un funcionario interino, este é un funcionario interino que se pode presentar á praza definitiva, polo cal, non estaría evidentemente na lista de... na formación do tribunal. Xa veríamos como faciamos e podería quedar aquí. É que poden pasar tantas cousas... O que si nos parece é que esto é rápido, efectivo e nos parece unha boa idea. Bueno, eu intento convencelos a vostedes, polo ben dos veciños, porque é o que finalmente, penso que desexamos todos. É, que aquí haxa un técnico en urbanismo e máis dito así, un técnico en urbanismo que atenda ás peticións, non solo de licencias señor portavoz de agrupación Xente de Dodro, aquí hai moito máis traballo para un técnico de urbanismo. Pódense redactar proxectos, pódense facer moitas cousas, non solo un técnico. Dito esto, vamos a proceder á votación e e a ver se somos capaces de sacalo a diante."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

Ás 09:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: wPl11ybW2LtzI+SUXLiX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/